

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032662	IES O Mosteirón	Sada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Oratoria	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

1. Introducción

Dentro do marco do LOMLOE e seguindo o currículo establecido no Decreto 156/2022 do 15 de setembro, a oratoria é unha das materias que vai axudar ó alumnado a adquirir certas competencias que lle axudarán ó longo da súa vida. Empregar a palabra perante o público é unha habilidade cada vez máis necesaria. A participación democrática activa, o desenvolvemento persoal, a consecución dunha carreira académica exitosa e o exercicio de calquera profesión pasan hoxe en día polo satisfactorio desempeño en situacións variadísimas en que a oratoria resulta extraordinariamente útil: debates, participacións en órganos de goberno, defensas de teses ou de proxectos de fin de carreira, discursos comerciais, comunicacións coa clientela e con outros membros da mesma organización ou empresa. Todas estas situacións ampliaron o seu alcance grazas á internet e aos medios de comunicación: a oratoria xa non está limitada a determinadas responsabilidades ou profesións, senón que calquera persoa pode comunicarse oralmente ante unha audiencia global só cunha conexión á rede. Xa que logo, este alumnado necesita aprender a falar en público para participar na mellora colectiva e democrática da realidade, para configurar a súa traxectoria académica e profesional, e así fortalecer unha imaxe propia positiva ante eles mesmos e elas mesmas e ante as demais persoas.

Por todo isto, esta materia contribúe a desenvolver destrezas vinculadas coas competencias clave, das que destacaremos tres: a competencia en comunicación lingüística, xa que permite unha extraordinaria mellora das destrezas comunicativas, sobre todo das de carácter oral; as competencias persoal, social e de aprender a aprender, pois a oratoria carece de sentido se non é para potenciar o autoconecemento e para participar de xeito eficaz e constructivo na vida social e profesional; e a competencia emprendedora, pois a oratoria fomenta a proactividade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais.	1-5	1-3	4	3	1	2		
OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.	2-4							1-2
OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.	1-2	1	1-2			1	3	1-2-3-4
OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	2-3			1	4	1-3-4		
OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.	1-5	1-2-3	3-4		1-3	2	1	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.	1	1-3			1-4-5	1-3	2-3	3-4
OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.	3			1-2-3-4-5	4			4
OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia.	5	3	2-3-4-5	4-5	2	1-2-3-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como persuadir á hora de falar?	Esta unidade pretende ofrecerlle ao alumnado un primeiro achegamento ás bases fundamentais da oratoria e as mostras representativas de discursos de índole persuasiva. O alumnado porá en prácticas as destrezas fundamentais da comprensión de lectura e de escoita comprensiva, se familiarice con discursos persuasivos variados e coñeza os seus procedementos constructivos e elocutivos	25	25	X		
2	Como buscar información para elaborar o noso discurso?	Esta unidade está intimamente ligada ca competencia de procura, selección e tratamento de información xa que é fundamental un coñecemento adecuado do tema do que vamos a falar , conseguido grazas á investigación e á aplicación de técnicas de traballo intelectual para así conseguir autoconfianza que todas as persoas precisan para falar ante un auditorio.	25	25	X	X	
3	Como organizar a información para facer un bo discurso?	Ten como punto de partida o feito de que unha estrutura clara e ordenada do texto e un manexo axeitado da lingua e das técnicas da retórica son atributos necesarios de calquera discurso oral eficaz, que haberá que memorizar deixando certa marxe á espontaneidade.	25	25		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Acción!	O alumnado empregará a palabra e as técnicas da retórica e da oratoria para presentar proxectos , achegas, opinións ou refutacións en foros diversos en que poida participar optando por perspectivas innovadoras que transformen positivamente a realidade e defendan os dereitos fundamentais da nosa democracia	25	30			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Como persuadir á hora de falar?	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Elaborar un discurso dun xeito ordeado	PE	16
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Analizar que recursos podemos utilizar para levar a cabo unha argumentación		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Corrección do texto explicando ónde poden mellorar a efectos de ter o seu discurso unha maior creatividade		
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	Ser capaz de explicar cas súas palabras cales son as bases fundamentais da oratoria	TI	84
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	Ser capaz mediante a observación dun video o unha película na clase		
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	Mediante a observación ser capaz de entender as diferentes partes dun speech persuasivo (por exemplo, un anuncio, etc)		
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Mediante a observación de diferentes videos poder ver os diferentes tipos de textos ou contextos persuasivos		
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Mediante o diálogo na clase poder ser capaz de ter unha actitude crítica respecto os diferentes textos persuasivos		
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	A través de artigos de prensa actuais sobre temas cotiás e de actualidade poder levar a cabo argumentos e ó mesmo tempo ser capaces de identificar feitos que no sexan veraces		
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Facer uso de internet para comparar e contrastar información		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Facer uso de internet para a búsqueda de información para a elaboración dun discurso ou dun proxecto en grupo		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Mediante a reflexión feita na clase a través de exemplos		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Ter unha actitude crítica respecto á información que nos atopamos		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Intentar preguntarse antes de buscar a información que fontes ou páxinas web consideramos máis fiables		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Mediante a observación ser capaz de adaptarse á situación comunicativa en cada caso.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Mediante a observación do traballo		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	Observación		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	Observación vendo que non mira constantemente no papel		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Coller o hábito de ter que falar na aula para así perder o medo		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Dar reforzo positivo e crítica constructiva cada vez que teñan que falar		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	A través da observación nas súas exposicións.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Facer unha autoevaluación e tamén unha avaliación e crítica constructiva por parte dos compañeiros e compañeiras.		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Observación na aula mentras están traballando.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Que aprendan a coñecer o protocolo e a entender que non sempre utilizamos mesmo rexistro en función do noso público		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio. - A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas. - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos.

Contidos

- Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais.
- Tipos de fontes documentais. Criterios de selección.
- Documentación e investigación. Alfabetización mediática.
- Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.).
- Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación
- Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.
- Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.
- Adecuación do discurso ao contexto.
- Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.
- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.
- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.
- Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.
- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.
- Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.
- Procedementos retóricos. Características estilísticas.
- Coherencia e cohesión.
- Corrección lingüística.
- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.
- Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio.
- Interiorización do discurso.
- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.
- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).
- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).
- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.
- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.
- Proxémica: espazo escénico.
- Naturalidade fronte a artificiosidade.
- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.
- O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

UD	Título da UD	Duración
2	Como buscar información para elaborar o noso discurso?	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	Analizando a estrutura do discurso nas prácticas que se fan na clase	TI	100
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	Mediante a observación de discursos que se vexan na clase a modo de exemplo		
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Mediante o visionado de diferentes videos ou artigos periodísticos ónde o alumnado pode recoñecer estes discursos e explicar por qué		
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Facer uso das tecnoloxías e buscar a información necesaria que precisa para documentarse pero sempre tendo unha actitude crítica.		
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Relacionado co criterio anterior, contrastar a información dun xeito crítico. para así poder conseguir a maior información posible para levar a cabo o seu discurso.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Mediante diferentes tipos de textos poder chegar a entender cal é a diferenza e aplicalo a súa realidade cotiá.		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Ser capaz de ter unha actitude crítica respecto a información que se recibe a través dos medios		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Ser capaz de pensar dun modo crítico cuando están a buscar a información		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Ser capaz de falar en público e adaptarse ós diferentes tipos de contexto.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Coller confianza e ser capaz de controlar as emocións negativas		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	A través da práctica diaria na clase		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Traballar esos aspectos na aula no día a día		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Para presentar o discurso, ou traballo o apoio da imaxe como soporte na axuda da presentación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Entender que é necesario ter en conto a audiencia ca que estamos a falar e que polo tanto o rexisto non pode ser sempre igual		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas. - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics. - Proxémica: espazo escénico. - Naturalidade fronte a artificiosidade. - Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso. - O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

UD	Título da UD	Duración
3	Como organizar a información para facer un bo discurso?	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Ser capaz de plasmar as ideas dende o máis xenérico ata o máis concreto	PE	25
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Facer pregunta e intentar de algún modo introducir recursos argumentativos en sus discursos.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Ser capaz de entender que o discurso ten que ter unha corrección lingüística mínima e que ten que chamar a atención da audiencia e ó mesmo tempo intentar persuadir.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Ser crítico ca revisión do texto		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Ser capaz de entender e intentar crear un discurso en relación al contexto	TI	75
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	Intentar utilizar certas estratexias para ser capaces de recordar o discurso e o seu orde.		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	Ser consciente da necesidade de que o discurso ten que ser natural aínda que teñamos que telo traballado e en certo modo, memorizado.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Perder o medo a falar diante da clase tanto de forma individual como en grupo.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Coller confianza e seguridade cando teñan que levar a cabo un discurso e non deixarse vencer polo medo ou inseguridades.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Ser capaz de entender que temos que vocalizar dunha maneira clara, que se entenda e expresandóo dun xeito correcto.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Que sexan capaces de entender que a linguaxe corporal é moi importante cando se está a falar e para iso, é moi importante que analicen as súas intervencións.		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Facer uso de certos programas (Powerpoint, Canva, Genially) para levar a cabo as súas presentacións		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Ser conscientes da importancia de entender que hai unhas regras de interacción e cortesía que deben respetar e polo tanto, analízalas na clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Adecuación do discurso ao contexto.

Contidos

- Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.
- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.
- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.
- Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.
- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.
- Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.
- Procedementos retóricos. Características estilísticas.
- Coherencia e cohesión.
- Corrección lingüística.
- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.
- Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio.
- Interiorización do discurso.
- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.
- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).
- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).
- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.
- Quínésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.
- Proxémica: espazo escénico.
- Naturalidade fronte a artificiosidade.
- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.
- O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

UD	Título da UD	Duración
4	Acción!	30

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Ter unha actitude crítica á hora de organizar o seu discurso para facelo dunha maneira coherente	PE	35
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Ser capaz de entender a necesidade de usar recursos argumentativos.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Escribir o discurso dunha maneira correcta e creativa para así poder chamar a atención da audiencia		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Ser capaz de ter unha actitude crítica con se revise o discurso		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Ter en conta a audiencia e o contexto no que vai falar	TI	65
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	Ser capaz de recurrir a técnicas que axuden a recordar o discurso.		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	Entender a importancia de que o discurso aínda que esté preparado ten que soar natural e ter certa espontaneidade.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Practicar na clase dando opinións, rebatindo, falando de temas cotiás para perder así o mesmo a falar.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Ser capaz de controlar os nervios e as emocións negativas cando estamos a falar.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Analizar que estamos a falar dun xeito claro		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Darlle importancia a linguaxe corporal e analízala cando se fai esa práctica diaria na clase.		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Facer uso de soportes informáticos para axudarnos na nosa exposición		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Entender que a regras de cortesía lingüística e que en función da audiencia hai que adaptarse ó contexto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.

Contidos

- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.
- Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.
- Procedementos retóricos. Características estilísticas.
- Coherencia e cohesión.
- Corrección lingüística.
- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.
- Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio.
- Interiorización do discurso.
- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.
- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).
- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).
- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.
- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.
- Proxémica: espazo escénico.
- Naturalidade fronte a artificiosidade.
- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.
- O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de oratoria tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lles faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia, e en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos de etapa.

O que se intentará ó longo do curso, é traballar dun modo eminentemente práctico, minimizando os contidos teóricos e privilexiando aquelas actividades que permitan desenvolver as destrezas vinculadas coa oralidade, establecendo, alén diso, un clima de confianza e seguridade que favoreza a expresión dinámica e fluída do alumnado. Traballárase de modo cooperativo e colaborativo para facilitar a implicación do alumnado e así lles permitirá desenvolver a súa competencia lingüística, social e cívica a través da interacción, e propiciar a creación dun ambiente adecuado para a autoevaluación e a coevaluación.

Ó mesmo tempo, traballarase unha metodoloxía que facilite o desenvolvemento competencial do alumnado e ó mesmo tempo, a atención á diversidade xa que hai que atender ós diferentes ritmos de aprendizaxe a través da elaboración de diferentes actividades que combinan o traballo individual e cooperativo. Para iso, utilizaranse recursos educativos en aberto (REA) para traballar esa diversidade na aula ó mesmo tempo que recursos de Deseño universal de Aprendizaxe (DUA) para axudar á inclusión e a promoción dun entorno persoal de aprendizaxe propio.

Dentro da metodoloxía, cómpre salientar o uso das TIC e o emprego responsable do mesmo para buscar información e así fomentar así unha actitude crítica.

Traballárase dun modo moi práctico, noticias de periódicos sobre problemas actitudes e relacionados cos obxectivos do desenvolvemento sustentable da Agenda 2030 da Unesco para así fomentar unha actitude crítica e ser coñecedores da realidade na que vivimos e poder así expresar as nosas opinións e argumentalas

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Materiales e recursos son fundamentais nesta materia e como algo positivo, os materiais están moi facilmente ó alcance do alumnado xa que traballarase fundamentalmente con problemas e situacións que acontecen a diario.

O material a traballar na materia de oratoria é moi amplo xa que calquer tipo de texto, ben periodístico, de revista, ou mesmo un vídeo, un extracto dunha obra, canción, etc.. é obxecto de análise e debate ou resumo para poder así traballar a competencia lingüística e ó mesmo tempo traballar temas transversales e interdisciplinares como pode ser a historia e a evolución da muller ó longo dela para así observar os cambios e promover unha actitude crítica en xeral, sobre os feitos que aconteceron e os que acontecen actualmente na nosa sociedade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial foi realmente a presentación do alumnado e expresar a súa predisposición cara a materia como medo a falar en público, etc. para así telo en conta á hora de empezar a traballar. Tamén se lles fixo un pequena proba escrita para poder detectar alguna dificultade que poida afectar ó desenvolvemento da materia e así, poder reforzar no caso de que fose necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	25	25	100
Proba escrita	16	0	25	35	19
Táboa de indicadores	84	100	75	65	81

Criterios de cualificación:

Trimestralmente realizarase unha avaliación integral, formativa e sumativa das actividades realizadas polo alumnado que serán grupais e individuais para poder traballar tamén a parte colaborativa e que se evaluarán a través de rúbricas e probas escritas.

A avaliación será continúa en relación a cada un dos bloques. A última avaliación será integradora por tener en consideración a totalidade dos elementos que integran a materia.

Cada avaliación constará dunha proba escrita na que demostren a busca de información, correcta ordenación e expresión dos argumentos (texto argumentativo) que contará o 30% da nota así como dunha parte oral (individual ou grupal) onde se demostren as técnicas traballadas en cada trimestre que supoñerá o 70% da nota.

Cando o alumnado teña unha nota superior a cinco, as calificacións finais que teñan números decimais redondearíanse á unidade, eliminando a parte decimal e aproximando a unidade máis cercana. Deste modo, se a parte decimal fose inferior a 0,500 aproximaríase á unidade inferior. Se esta fose igual ou superior a 0,500 aproximaríase á unidade superior.

Cráterios de recuperación:

Os mecanismos para a recuperación da materia serían presentar un traballo oralmente xunto cunha proba escrita relacionados cos contidos traballados ó longo do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O tratamento específico para o alumnado repetidor terá relación co motivo da súa repetición: absentismo, circunstancias familiares ou de saúde. Neste sentido, axudaráselle ó alumnado a superar a materia por medio de actividades eminentemente prácticas para poder traballar e reforzar a súa escritura, expresión oral e escrita

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade vaise utilizar instrumentos e procedementos de avaliación diversos, flexibles e adaptados ás características do alumnado. A avaliación formativa centrada nas competencias permite identificar o grao de adquisición destas, modificar, de ser o caso, aqueles susceptibles de mellora e detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para paliarlas. Neste sentido, serán as rúbricas ou escalas de valoración as máis adecuadas para recoller os datos froito da observación sistémica do traballo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.2 - A educación para a saúde e a afectiva-sexual	X	X	X	X
ET.3 - A concienciación e formación sobre o cambio climático	X	X	X	X
ET.4 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable,	X	X	X	X
ET.5 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais	X	X	X	X

Observacións:

Ó longo dos cursos traballaránse diferentes elementos transversais como a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, a concienciación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade tal e como se recolle nos obxectivos da Unesco, consumo responsable, e o respecto mutuo entre iguais.

A materia axuda a poder traballar dun xeito crítico aspectos como a xustiza, a paz.

Traballaráselle ó mesmo tempo actividades que lles fagan reflexionar sobre estereotipos sexistas, así como aqueles que supoñen discriminación por razón de orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC	Os obxectivos e contidos son os axeitados para conseguir un axeitado grao de desenvolvemento das competencias clave.	X	X	X

Observacións:

Levaráse a cabo no segundo trimestre

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Indicadores de logro

Descrición:

A valoración da práctica docente é un instrumento de vital importancia para a reflexión sobre o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ó remate de cada trimestre valoraránse os seguintes aspectos:

- O interese que despertaron as temáticas tratadas no alumnado. Neste sentido, plantexarase profundizar nalgúns contidos polo interese surtido nas actividades desenvolvidas.
- Valorarase tamén a metodoloxía atendendo a unha maior motivación do alumnado e a dificultade que se encontrou o alumnado na realización das mesmas.

Recollérase tamén as aportacións do alumnado ó final de cada trimestre e telas en conta para o seguinte.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Relacionado co punto anterior, tomar a devantida programación como flexible a cambio cando fose necesario para adaptarse ó alumnado.

Para levar a cabo isto, é necesario ter un feedback por parte do alumnado sobre as actividades e a súa propia autoevaluación do que eles están aprendendo e das competencias que van adquirindo.

9. Outros apartados